

CLAUSTRO UNIVERSITARIO

SESIÓN ORDINARIA

Por orde do Sr. Reitor, prégaselle que como membro do devandito órgano colexiado teña a ben asistirá reunión abaixo consignada, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

LUGAR: Paraninfo da Reitoría, Campus Universitario – Vigo

DÍA E HORA: venres, 19 de decembro de 2025, ás 09:30 h en primeira convocatoria e **ás 10:00 h** en segunda.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 08 de xullo de 2025.
2. Informe do reitor.
3. Informe anual do reitor, en cumprimento do artigo 30.b) dos Estatutos da Universidade de Vigo.
4. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2026.
5. Aprobación, se procede, do acordo polo que se adapta o Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo á Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.
6. Aprobación, se procede, do acordo polo que se interpreta a disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 2/2023, do Sistema Universitario, en relación cos cargos unipersoais de goberno previstos nos Estatutos da Universidade de Vigo.
7. Aprobación, se procede, da posta en marcha dos traballos relacionados co novo plan estratéxico da Universidade de Vigo.
8. Elección do/a valedor/a universitario/a⁽¹⁾.
9. Aprobación, se procede, da moción de confianza para a renovación da presidencia do Consello de Estudantes da Universidade de Vigo (CEUVI).
10. Elección de membros da Mesa do Claustro, polo sector PDI-B⁽¹⁾: 2 vacantes.
11. Elección de membros da Comisión de Estatutos⁽¹⁾: 1 vacante polo sector PDI-A e 4 vacantes polo sector PDI-B.
12. Elección de membros do CG, polo sector decanos/directores⁽¹⁾: 2 vacantes.
13. Elección dun membro da Comisión Electoral, polo sector PDI-B⁽¹⁾: 1 vacante.
14. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros⁽¹⁾:
 - A. Comisión Electoral (2 vacantes).
 - B. Consello de Campus de Ourense (3 vacantes)
 - C. Consello de Campus de Pontevedra (1 vacante)
15. Elección dun membro no Consello de Campus de Ourense⁽¹⁾: 1 PDI-B.
16. Elección dun membro da Comisión de Reclamacións⁽¹⁾. (comunidade universitaria).
17. Quenda de intervencións.

A secretaria xeral

¹ As candidaturas poderanse presentar nas Oficinas de Asistencia en materia de Rexistro dos Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra, así como na Sede Electrónica da Universidade de Vigo, ata as **14:00 horas do mércores, 17 de decembro** de 2025.